

# **RECOMENDACIÓNS PARA O AFORRO ENERXÉTICO**

O control da contaminación luminosa en todo o territorio galego é imprescindible, dado o impacto que xera sobre moitas especies, hábitats, ecosistemas e paisaxes. Xa que logo, o uso da iluminación artificial debería ser racional para minimizar o resplandor que provoca no ceo e evitar a nociva intrusión de luz sobre os seres humanos e o medio natural.

A lei 34/2007, de Calidade do Aire e Protección da Atmosfera, xa sinalaba o deber das administracións públicas de actuar en favor da “prevención e redución da contaminación lumínica coa finalidade de promover un uso eficiente do alumeado exterior; preservar ao máximo posible as condicións naturais das horas nocturnas en beneficio da fauna, a flora e os ecosistemas en xeral; previr, minimizar e corrixir os efectos da contaminación lumínica no ceo nocturno e reducir a intrusión lumínica en zonas distintas ás que se pretende iluminar, principalmente en contornas naturais e interior de edificios”.

Porén, partindo da necesidade de minimizar a contaminación luminosa en favor do benestar da cidadanía e da natureza e desde a certeza de que as estratexias que conducen á redución da dita contaminación, por fomentaren o aforro de luz, levan implícito o aforro de enerxía e, en consecuencia, de cartos, propoñemos ás entidades locais as seguintes

## **RECOMENDACIÓNS**

### **1. Redución xeral do tempo de acendido da iluminación.**

A normativa vixente establece a posta e a saída do sol como valores límite máximos para o acendido da iluminación. Nos minutos posteriores á posta do sol pola tarde e os anteriores á súa saída polas mañás aínda hai moita luz no ambiente como para poder prescindir, sen perigo algún, da luz artificial. Cidades como Zaragoza xa puxeron en práctica un recorte xeral do tempo de acendido, cun aforro diario de entre 20 e 40 minutos para todos os cadros de mando en función das estacións.

## **2. Redución xeral do fluxo de luz, nunca menos do 50%, a partires das 23:00 horas.**

A normativa vixente dispón como obriga a redución de fluxo luminoso en horario nocturno, mais non especifica “canto” nin “cando”. Xa que logo, nas instalacións que o permitan, recoméndase efectuar unha importante rebaixa das emisións de luz, sen prexuízo da seguridade no horario con menos tránsito de persoas e vehículos.

## **3. Apagado selectivo das instalacións de luz en áreas de interese ecolóxico, a partires das 23.00 horas.**

Recoméndase establecer apagados parciais da iluminación pública, que deberían ser totais nas zonas con valores naturais e paisaxísticos a protexer polo alto impacto ecolóxico da iluminación artificial, como é o caso das praias, paseos marítimos, ríos e paseos fluviaais, lagoas e semellantes ou reservas naturais, entre outros.

## **4. Apagado total da iluminación ornamental a partires das 23:00 horas.**

A iluminación ornamental é un luxo caro que convén acoutar. O resultado será un aforro, derivado dese apagado, máis que evidente.

## **5. Apagado total da iluminación das pistas e instalacións deportivas ao remate das actividades que nelas se produzan e, en calquera caso, sempre a partires das 23:00 horas.**

Os estándares de iluminación impostos polos medios de comunicación para as pistas e instalacións deportivas son fonte de alta contaminación e consumo. Aconséllase limitar os horarios de acendido aos estritamente necesarios para o desenvolvemento das actividades dentro delas, excepto tarefas de limpeza e mantemento e, en calquera caso, nunca máis aló de certa hora, por razóns ambientais.

## **6. Apagado total da iluminación publicitaria, escaparates e pantallas luminosas a partires das 23:00 horas.**

A iluminación publicitaria interfere coa iluminación pública e pode xerar conflitos de seguridade, ao crear zonas sobreiluminadas e/ou provocar cegamentos. Ademais, a luz das pantallas ten impacto ambiental e supón un consumo innecesario de enerxía.